

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
132/2018	A Xunta de Goberno Local

**Paulino Fernández Salgado, EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTE ÓRGANO,
CERTIFICO:**

Que, na sesión desenvolvida o 12 de setembro de 2018 se adoptou o seguinte acordo:

**Expediente 132/2018. APROBACION DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN
ABREV. SIMPL. DA OBRA "REHABILITACIÓN DA CASA RECTORAL DE
MONTES PARA LOCAL SOCIAL"**



Punto de ver o expediente de contratación:

- OBRA: "Rehabilitación da casa reitoral de Montes para local social".
- IMPORTE: 76.040,00 € (setenta e seis mil corenta euros), ive incluído.
- FINANCIAMENTO DO ORZAMENTO: Esta obra finánciase con cargo ao Plan Provincial da Deputación de Ourense do ano 2018 cun orzamento total de 74.040,00 euros. O presidente da Deputación, mediante decreto do 4 de Setembro de 2018 delega no Concello de Cualedro a competencia para a contratación desta obra. A Deputación Provincial aportará 38.020,00 € e o concello de Cualedro 38.020,00 €.
- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN: Aberto simplificado, ao abeiro do artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE: o expediente terá a consideración de ordinario, para os efectos previstos no artigo 116 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación referenciado, o proxecto técnico, así como o gasto derivado da realización da obra que se vai contratar e o prego de cláusulas administrativas que regulará a contratación.

SEGUNDO.- Abrir o procedemento de licitación e, en consecuencia, publicalo no perfil do contratante e na plataforma de contratación do sector público do Ministerio de Hacienda y Función Pública, para que todas aquelas empresas que se consideren capacitadas poidan presentar as súas ofertas.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por

Concello de Cualedro



Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE